

Índice

Ferrol do revés.....	2
Un Ferrol sen muros, nin físicos nin mentais	3
Se queres resultados diferentes, non fagas sempre o mesmo	4
É o momento de derrubar os muros	5
Espazos	6
A cidade derrúbase...Imos facer algo?	6
Espazos cheos de persoas.....	7
Revitalizar e encher de vida	7
Conectar espazos cheos de xente	8
Pés que pasean	8
Ferrol ten 1,7 persoas por coche	8
Transporte público	9
Espazos sen muros, nin físicos, nin mentais	9
Persoas	11
Facer posible o imposible.....	11
Colpaso demográfico	12
As mulleres primeiro.....	12
Acceso á vivenda	13
Cidade ecolóxica.....	13
Ecocidade	14
Identidade galega universal	15
De turismo por Ferrol.....	17
Municipalizar, pecado (contra o) capital.....	18
Que acontece co saneamento en Ferrol?	19
Recursos.....	22
Os cartos non dan a felicidade...pero axudan	22
Eles comen todo, e non deixan nada (por agora...).....	23
Unha cidade de 70.000 cos gastos dunha de 130.000.....	26
Propiedades desafectadas impostos	27
Outro xeito de xestionar os tributos	27
Economía ecolóxica nunha cidade sostible	28
Cidade apta para maiores	28

Ferrol do revés

Rúas cheas de xente!
Mocidade nas prazas!
Ar limpo,
Rural protagonista,
As mulleres primeiro!
Transporte áxil,
Menos coches ,
Os especuladores á cola!
Máis comercio de proximidade!
Turismo de calidade,
Persoas maiores atendidas,
Casas habitadas,
Identidade única e universal

Desexamos, pensamos e actuamos para un Ferrol do revés, onde todo o que nos preocupa mude, onde atopemos xa un cambio de tendencia, onde albisquemos o renacer de solucións reais e realizables para os nosos problemas.

O Ferrol diferente do que falamos **pon propostas onde non hai nada máis que baleiro, ofrece saídas** no universo do *nada se pode facer* e **rompe os muros mentais e físicos** que nos impiden vivir agradablemente e como desexamos.

En Ferrol non somos todas as persoas iguais. O Mº de Defensa, a Autoridade Portuaria, NAVANTIA ou a Igrexa non pagan os impostos que pagamos os e as demais. Remataremos cos privilexios dunha minoría a costa do esforzo da maioría.

O 20% das vivendas están baleiras, os barrios en ruína e aínda así PP, PSOE e FeC avalan operacións especulativas como as 460 vivendas para o Sánchez Aguilera. Impediremos a construción de novas urbanizacións mentres non recuperemos as vivendas abandonadas e penalizaremos a especulación.

Pagamos millóns de euros por queimar o lixo, por sanear EMAFESA e o noso aforro vai directo para os bancos. O Concello está para servir á veciñanza, non ás transnacionais nin aos bancos. Comprometémonos co SUPERAVIT CERO e coa municipalización inmediata dos servizo básicos.

Un Ferrol sen muros, nin físicos nin mentais

A muralla do Arsenal é o símbolo de barreiras físicas e mentais impostas. Non só queremos o seu derrubo, queremos entrar e tocar o mar, é noso.

Remataremos coa fraude dun saneamento pensado para o beneficio das empresas e que contou con gobernos locais que eximiron ao Estado de toda responsabilidade.

Mentíronnos durante anos con Plans Ferrol, gaseiros, petroleiros ou floteis. Hoxe queren botar a máis do 25% dos traballadores e traballadoras do naval provocando novos recheos na ría co silencio cómplice do resto de partidos políticos. Enfrontarémonos á burla e á chantaxe.

Ferrol é unha cidade **sometida** durante **décadas ao maltrato dos gobernos do Estado e espolio das transnacionais**. E o máis grave é que contaron coa complicidade de dirixentes locais submisos que gardaron silencio diante deste saqueo e discriminación.

É hora de mudar esta realidade, é hora de combatela, é hora de facer algo máis que resistir. E para iso estamos aquí.

Precisamos dun goberno municipal capaz de enfrontarse ao espolio constante dos nosos cartos destinados a encher o bandullo dos bancos e as transnacionais que xestionan os servizos privatizados do concello e que contaron coa inestimable colaboración de gobernos presentes e pasados.

Precisamos dun goberno que lle pare os pés a un Estado indolente. Que nos condena ao illamento ferroviario, que nos obriga a pagar por obras da súa competencia como o saneamento, que prepara unha nova reestruturación do sector naval na cidade decorada con novos cantos de serea que enmudeceron ao actual alcalde e aos seus aliados conxénitos do PP e PSOE. **Basta xa de silencios!**

Precisamos dun **goberno que lle exixa** ao **M. de Defensa, á Autoridade Portuaria, á Igrexa** e ás empresas que se nutren do noso traballo **como NAVANTIA ou EMAFESA** que **cumpran coas súas obrigas tributarias** como facemos os demais. **Un goberno ecuánime, que deixe de repartir cartos aos de sempre** financiado con diñeiro público actividades relixiosas mentres o resto de colectivos e asociacións sobreviven con esmolos ás que lles custa moito traballo acceder.

Basta xa de privilexios!

Se queres resultados diferentes, non fagas sempre o mesmo

Precisamos dun goberno valente, decidido, que recoñeza sen complexos de inferioridade as potencialidades que Ferrol esconde detrás dos seus muros. Físicos, como a muralla que nos separa do mar, ou mentais como a sobreestimulada fantasía de que sen o Estado nunca fomos, nin seremos nada.

Precisamos un goberno capaz de recoñecer un patrimonio natural exuberante, unha realidade urbana esplendorosa e unhas xentes capacitadas e decididas a saír adiante se contasen con dirixentes que traballasen para eles e elas e os acompañasen nun camiño difícil pero sen retorno.

E a realidade é que hoxe non hai alternativa política en Ferrol que non pase polo BNG. Ferrol sabe que tras probar todas as solucións posibles, o imposible, o transgresor, o indómito, aínda que difícil, é indubidablemente o acertado.

É o momento de derrubar os muros

É un momento crucial para o futuro da cidade. Non podemos agardar máis. Temos que tomar partido. Temos que tomar decisións. E tomar decisións favorece a unhas e prexudica a outros, non hai termo medio. Ou estas coas maiorías ou estas coas minorías. E nós no BNG temos moi claro cal é o noso lugar.

Porque **cremos en nós, pero cremos sobre de todo en ti,** sabemos que é o momento de coller un novo camiño. É o noso momento!

Porque Ferrol será feminista ou non será, será industrial ou non será, será pública ou non será, será peonil ou non será, Ferrol, en definitiva será galega, ou non será.

Espazos

A cidade derrúbase...Imos facer algo?

Ferrol perde 1.000 habitantes ao ano desde Rey Varela, o 20% da vivenda está baleira, as rúas desertas e o transporte só existe para dar beneficio ás empresas. Mentres PP, PSOE e FeC discuten sobre festivos locais. Pero...

1. Se o transporte público é tan precario, por que segue en mans das mesmas concesionarias que co PP?

En 2016 o T. Supremo anulou as prórrogas ás concesionarias de transporte que o PP adxudicou en 2009.

Aínda así FeC e o PP entregáronlle en 2017 ás mesmas empresas as mesmas concesións que o T.Supremo anulou.

2. Se o 20% das vivendas da cidade están baleiras, por que sube o aluguer?

Ferrol, xunto a Vigo é a cidade con máis demanda de vivenda social de Galiza e pese a ser a cidade con máis vivenda baleira do país o prezo do aluguer subiu un 8% no último ano, porque a pesar da miseria segue a haber especulación.

3. Se perdemos 1.000 habitantes ao ano, por que PP, PSOE e FeC queren construír novas urbanizacións?

Como as 460 novas vivendas incluídas no Plan do Sánchez Aguilera que FeC non quixo anular, pese a ilegalidade do convenio asinado por Rey Varela co Mº de Defensa e onde se nos obriga a pagar 500.000 euros a cambio de ruínas.

4. Se os centros históricos do mundo están expulsando os coches das súas rúas, por que en Ferrol non?

A falsa peonalización de Rey Varela foi a mesma que a de Jorge Suárez: pechar as rúas para instalar terrazas en épocas de lecer. Porque no fondo actúan con medo e responden aos intereses duns poucos en prexuízo do resto.

5. Se os aparcadoiros que existen están baleiros, por que o PP propón un novo na Praza de Armas?

Ferrol pagou 2,4M polo rescate dunha concesión que remataba en 2018. Pero o PP quere seguir facendo negocio co espazo público cun novo aparcadoiro no corazón do barrio a peonalizar para entregarlo a unha concesionaria durante décadas.

Espazos cheos de persoas

Traballaremos para poder **desfrutar unha cidade modernamente peonalizada e ordenada**, coas súas prazas, rúas ou espazos naturais cheos de xente. O ar limpo, o mar limpo, a ría coidada e depurada, o noso gran tesouro do rural de Ferrol coidado e conectado... Con investimentos para as persoas e non para os bancos ou as grandes empresas, coa finalidade de xestionar para o ben común e non para unha ineficiencia da mentira e ao servizo dos poderes económicos. Nun modelo que poña ao pobo de Ferrol diante dos intereses dos especuladores, da banca ou das grandes empresas que xestionan servizos básicos.

Revitalizar e encher de vida

As propostas neste contexto **son de rehabilitar o que temos** con axudas á rehabilitación. Estas axudas á rehabilitación **non as pode xestionar o Estado** senón que tería que ser o Concello quen as levase. Este proxecto de rehabilitación e reforma de vivendas para volver ocupar unha cidade con xente e vida estaría acompañado coas medidas dirixidas a gravar os baixos baleiros para dinamizar esa parte de comercio e actividade.

O impulso do noso medio natural, do turismo ou industria natural alternativa poden dar folgos a unha cidade que ve esvaecer a súa identidade. É como se a cidade vivise de costas á súa riqueza, tanto nos seus centros históricos sen peonalizar nin rehabilitar como no seu medio natural sen dignificar e poñer en valor.

Conectar espazos cheos de xente

Conectar os barrios con transporte público e con pequenas melloras que xeren paseos para percorrer a cidade camiñando podería ser unha das apostas. Estes paseos poderían continuar como máis grandes rutas de cara ás praias, aos montes ou ao mesmo castro de Lobadiz, para conectar esta cidade pechada ao seu mar e á súa natureza.

Pés que pasean

A **peonalización** pode ser unha oportunidade de mellorar e dar vida a Ferrol. Unha peonalización que conecta cos impostos aos baixos baleiros que poderían dinamizar unha bolsa de actividade na cidade que impulsase o comercio local, os pequenos negocios, a presenza neses baixos accesibles para as persoas e non só para os coches. Un lugar atractivo que xere vida e recursos para frear este baleirado de cidade gris e de automóviles que non fai máis que limitármonos.

Ferrol ten 1,7 persoas por coche

Ao redor deste argumento está todo o modelo de transporte público na cidade galega cun dos peores transportes públicos. Neste próximo 2019 haberá novo plan de transporte e se o Concello dá continuidade a ese plan o transporte en Ferrol continuará nunha situación de precariedade e insuficiencia total e absoluta.

Ademais faríase este Novo plan de transporte da Xunta con maiores condicións de

precariedade.

Con tanto coche por persoa non vai ser nunca suficiente o número de aparcadoiros. Se se ocupa o aparcadoiro disuasorio da Rúa Alegre despois virá outro e así consecutivamente, nunca serían suficientes.

O ideal é ter uns ámbitos delimitados e asumibles para os automóbiles, para ter en conta así ás persoas como peóns tanto no ámbito rural como no urbano.

Transporte público

Por iso o idóneo para mellorar o transporte en Ferrol sería optar pola **Xestión municipal**, como noutros servizos básicos. Ter acceso e bo uso do transporte público é un dereito como o é o acceso á auga.

Proporemos entón a creación dunha empresa pública de transporte de xeito inmediato, executando o superávit.

Espazos sen muros, nin físicos, nin mentais

En Ferrol, o Estado a través do M^o de Defensa está a condicionar o futuro da cidade desde todos os puntos de vista.

Socialmente, porque confinados ao gueto da construción militar o emprego depende das súas decisións, economicamente porque non paga impostos e urbanisticamente porque a muralla do Arsenal divide Ferrol en dous.

1. Por que hai que rachar o convenio con Defensa?

Porque é especulativo. Ferrol ten o 20% das vivendas baleiras e perde 1.000 habitantes ao ano. Construír 460 vivendas novas e un centro comercial no Sánchez Aguilera, ademais de contraditorio é insistir nos erros da burbulla inmobiliaria. Porque as e os ferroláns non deben pagar por propiedades en ruína e abandonadas durante anos.

Porque Ferrol non ten diñeiro para facerse cargo de 1 millón de m2 máis sen destino definido. Porque os gobernos locais de PP, PSOE e FeC mantiveron no aire un convenio que durante 20 anos eximiu ao Estado de toda responsabilidade sobre os inmobles e parcelas incluídas nel.

2. Por que hai que reclamar que o Estado pague os impostos que lle corresponden?

Porque Ferrol ten un déficit estrutural de ingresos derivado da ocupación do 20% do solo urbano por unha administración pública que non paga impostos. Porque o deber de conservación e mantemento das edificacións debe ser unha obriga común e sobre todo das administracións públicas. Porque o Mº de Defensa recibe gratis os mesmos servizos públicos que reciben o resto, que teñen que pagar por eles e polos que non o fan.

3. Por que hai que derrubar a muralla do Arsenal?

Porque o obxectivo é incorporar os terreos que se atopan tras a muralla á trama urbana da cidade.

O obxectivo non é establecer unha simple conexión visual substituindo a muralla por unha reixa.

O derrubo da muralla do que falan PP, PSOE e FeC **non é máis que un paliativo. Ferrol é unha cidade incompleta, cun acceso privilexiado ao mar que precisa recuperar.**

Non existen razóns lóxicas para que isto non aconteza, nin militares, nin patrimoniais. Incluso o retorcido argumento que considera a muralla como un ben a protexer non xustifica que os e as ferrolás non poidan ter libre acceso ao mar e que a súa cidade continúe dividida en dous.

Persoas

Calidade de vida

Facer posible o imposible

Para facer posible o imposible, converter en fácil o difícil e levar o inconcreto ao concreto reviramos a Cidade contra a innacción e o conformismo ao que segue sometida mandato tras mandato. **Non será un camiño doado** reclamar o que é noso e debuxar esa cidade que queremos para nós e a nosa xente. E ademais desexamos argallar todo isto desde **un Concello que xa non estea** en mans das transnacionais, dos poderes externos, privatizada e inoperante.

Queremos facer o imposible posible nun Concello aberto á participación **de quen desexe poñerse a traballar con nós!**

Un tempo creativo

Propómosvos **o inicio dun tempo creativo** onde moito está por facer, un tempo que modelemos entre moitas e moitos coas nosas mans como se dun produto artístico se tratase, unha invención ou simplemente un plan. Mais a arte, como dicía o noso Castelao, *é un Gran Corazón que para latexar necesita dúas forzas. As forzas que o*

BNG de Ferrol vos quere propor pñer en marcha son a **reclamación** e a **acción**.

Todo un reto

O traballo será todo un reto e o conflito está asegurado mais a nosa intención é a de seguir con vida a través dese Gran corazón que precisa un Gran reclamo do noso para iniciarnos o tempo do novo Ferrol ilustrado e creativo. Iniciemos un novo Renacemento 2019!

Unha historia que contar

Porque temos unha historia que contar para as outras cidades galegas, somos un exemplo de cidade enganada que sabe moi ben o que é **ter que comezar de novo**. E farémolo con gusto para demostrar que non precisamos que nos boten unha man senón que nos quiten esa man de enriba.

Colpaso demográfico

Ferrol é a cidade que máis habitantes perde en Galiza, **perde 1.000 habitantes ao ano**. É a Cidade na que morren máis da metade dos e das que nacen, sendo estas unhas cifras que indican **colapso demográfico**.

E por se isto fose pouco con nós vivides **moitas persoas maiores** que non desfrutades da atención debida nunhas condicións en moitas ocasións de precariedade e soidade.

Ademais grande parte destas persoas maiores son mulleres, que en moitos casos mesmo axudan ás súas familias a saír adiante, cando as que tiñan que recibir axuda sodes vós, son elas. De ser así o conxunto das persoas que as rodean estarían mellor e melloraría tamén a calidade de vida do conxunto da cidade.

As mulleres primeiro

Porque queremos **poñer ás mulleres no máis alto** da particular escala evolutiva do noso único Ferrol. Desexamos facer unha aposta por incrementar, investir e mellorar todos os servizos que favorecen a vida das mulleres, deste xeito faremos que melloren as vidas de todas e de todos.

Porque **no Ferrol do futuro que sobreviva a esta crise** de estruturas e valores as mulleres vivirán significativamente mellor do que hoxe viven. Traballaremos en todos os servizos dos que poida ter competencia o Concello para mellorar nestas liñas e esixir das outras administracións o cumprimento dos obxectivos de xénero imprescindibles hoxe para promover unha sociedade viable.

Un decidido impulso á conciliación da vida laboral e familiar desde unha perspectiva transversal con información sobre alternativas de **independencia económica** das mulleres, con activación da **representatividade** social, económica e política.

Acceso á vivenda

O acceso a vivenda nunha cidade con numerosas vivendas baleiras podería ser un atractivo para persoas que optasen por vir vivir a Ferrol. Logo aquelas accións que fagan mover e mellorar o parque de vivendas serán traballadas polo noso equipo para activar o acceso á vivenda parello á recuperación de zonas semi deshabitadas de Ferrol. Nesta liña de traballo terase en conta a realidade actual de **demandantes sociais de vivenda**.

Neste novo contexto, de atraer persoas á vida que nos gustaría ofrecer en Ferrol, terán un papel protagonista as **perosas inmigrantes e a xente nova**. Presentar a Ferrol como unha cidade urbana e rural, cun medio natural potentísimo, con servizos mellorados

e apostas de mellora na calidade de vida podería atraer poboación para no noso territorio.

...

Cidade ecolóxica

“Ferrol era gris como a cinza, agora é verde e chea de xente, con poucos coches e moitos sorrisos”

Oxalá esta sexa unha descrición de Ferrol nun futuro non moi lonxano, para aproximármonos a outras realidades que existen no mundo, onde as pobocacións se comprometeron para ter un futuro máis limpo.

Como moitas cidades do planeta apostaremos por un modelo que respeite as contrucións a conservar, revitalizando os espazos e mellorando a calidade urbana.

Sen nomear ningunha outra cidade ecolóxica podemos ler en repetidas ocasións sempre as mesmas liñas: espazos sen coches, augas saneadas, conservación do patrimonio, cidade, natureza e rural todo artellado para camiñar. Pois esas terán que ser tamén as nosas liñas de actuación.

Mellorar a mobilidade, a xestión da auga e reducir a perda de biodiversidade teñen sido puntos abordados por outras cidade que acadaron xa unha destacada mellora ambiental.

Ecocidade

A recuperación da cidade só é viable sobre a base a criterios de sustentabilidade económica e medioambiental. O tamaño é a chave e Ferrol posúe unha relación

idónea entre compacidade e densidade, as dúas variables básicas para un desenvolvemento sustentable. Decisións simples e xeradoras de emprego que sentarán as bases do futuro.

10 pequenas ideas para 10 grandes cambios

1. Xestión pública e integral do ciclo da auga. Separar fecais e pluviais. Máis barato, máis ecolóxico.

Aproveitar os recursos hídricos locais como o auga de chuvia para a súa reutilización pública.

2. Crecemento urbanístico 0. Recuperar o construído e impedir as novas urbanizacións.

Ferrol ten o 20% de vivendas baleiras. O prioritario é rehabilitar mellorando a habitabilidade e illamento das vivendas.

3. Transporte público e ordenanza municipal de vehículos enerxéticamente eficientes.

O transporte público con enerxías renovables é esencial para mellorar a mobilidade e reducir a contaminación.

4. Subministro eléctrico renovable e eficiencia enerxética.

A contratación da enerxía directamente polo concello aforrará custes e permitirá escoller a súa orixe.

5. Reciclaxe e compostaxe para a xestión do lixo. Menos residuos, máis emprego, máis barato.

Investir en reciclaxe crea postos de traballo, reduce o gasto enerxético e é máis económico.

6. Peonalización integral do barrio de A Magdalena. Recuperar a cidade para a xente.

Os peóns toman as rúas para camiñar polas zonas céntricas e evitar o uso de automóbiles particulares.

7. Hortas urbanas e hortas rurais en terreos hoxe abandonados.

Cultivo a pequena escala en espazos como o Val de Esmelle. Agricultura intensiva nas cubertas e hortas da cidade.

8. Plan forestal. Concello libre de eucaliptos.

Recuperación do monte municipal con especies autóctonas. Axudas a particulares para a substitución do eucalipto.

9. Fiscalidade ambiental. Quen máis contamina, máis paga.

IVTM en función das emisións, bonificar o ICIO nas rehabilitacións, crear novas taxas como a turística.

10. Reutilización de solares baleiros. Pequenas intervencións urbanas para recuperar o espazo público.

Reconverter espazos abandonados en epicentros culturais, sociais e lugares de encontro

Identidade galega universal

Sen aditivos, sen conservantes, sen colorantes: somos un pobo con historia!

Ferrol é unha cidade internacional, local e sobre todo galega. Coa súa identidade en moitas ocasións roubada. Berce de personaxes relevantes para a recuperación da nosa dignidade colectiva como os irmás Vilar Ponte asociados ás irmandades da Fala, o historiador Benito Viceto e o mesmo Carvalho Calero.

Carvalho Calero tan reclamado para que se celebre na súa honra o día das Letras Galegas pola súa proxección e relevancia. Defensor da nosa lingua e da súa implicación e convívio no universo lusófono e polo tanto internacional fan máis relevante que nunca a esta personaxe como símbolo inexcusable da nosa cidade. Ferrol galega e lusófona, Ferrol galega internacional, de Moçambique a Angola e de Lisboa a Río, pasando por Curuxeiras, por Cabo Prioriño ou pola Magdalena.

Teremos unha perspectiva da cidade cosmopolita que somos nun marco universal en diálogo con outras culturas desde a nosa raíz máis profunda. Se miramos ao norte veremos polo mar aos nosos amigos e amigas das illas irlandesas, galesas, escocesas e inglesas, en conexión co Atlantismo e co celtismo, coa forte emigración galega a estas zonas. Se botamos a vista ao leste teremos ese Estado español diverso no que queremos alzar a nosa voz para facérmonos únicos xunto á identidade vasca ou catalá nesa cultura diversa e civilizada entre Europa e África, sempre a medio camiño. Se ollamos cara o sur teremos a Portugal, un mesmo no Norte con a Galiza, como eles nomean. E se ollamos

ao noso pór do sol teremos o universo americano, con lembranzas da nosa máis dura emigración e con ecos do protagonismo dun centro económico mundial no Norte en franca quebra.

Ferrol estaría no centro do mundo, no anverso asiático e australiano como puntos máis distantes pero conectados. Sexamos o embigo do mundo e amosemos todos os nosos encantos porque a todos e todas eles vailles gustar coñecelos, estamos certas.

E deste xeito debuxaremos unha identidade a revitalizar e dignificar na nosa Ferrol, semellante a unha Suíza que fai reloxos, Ferrol navega a través do tempo coa súa tradición naval e costeira. A nosa historia ligada ao mar tráenos a nosa conexión con outras terras para conformar esta personalidade que hoxe pode ofrecerse ao mundo, na literatura, na lingua, no turismo, no deporte, nos espazos, ...

E así poremos de novo a Ferrol do revés, mais no seu xusto lugar. Que miren para nós, que nos visiten, que nos coñezan e que nos aplaudan porque temos moito que ofrecer e dignificar: tradicións mariñeiras, mulleres mariscadoras, o ferrol agrícola que cultiva, os nosos cantos de taberna, a nosa literatura, a nosa arquitectura, o noso deseño de cidade, etc, etc.

En definitiva, traballaremos para crear unha identidade de hoxe con ecos do máis digno e moderno da nosa historia, cunha cidade aberta a novas propostas que continúen a reinventarnos, dignificarnos e sobre todo sorprendernos.

De turismo por Ferrol

No BNG vemos ao sector turístico como un dos que poden axudar a redefinir e diversificar a actividade económica no noso concello dunha forma sustentábel e transversal. O turismo ten un efecto multiplicador que provoca beneficios económicos moi repartidos na sociedade polo que entendemos que ten que ter unha especial atención na nosa acción municipal.

Unha actividade turística exitosa crea tamén unha sensación de maior autoestima na poboación. Axuda a querernos e estimarnos máis como ferroláns e ferrolás.

A política turística levada ata o de agora no Concello de Ferrol estivo definida pola improvisación, polas ocorrencias de turno máis ou menos afortunadas e por un deixarse levar por propostas externas case sempre interesadas e que tiñan un percorrido moi corto no tempo e moi limitadas na súa efectividade.

A) Modelo de xestión: Hai creada unha Empresa Municipal de Turismo participada no seu accionariado polo Concello e a Asociación de Hostalería. Limitada no seu organigrama funciona na práctica como un negociado máis do concello sen participación da parte privada nen dos axentes sociais relacionados. Por outro lado a xestión pública turística derivada dos xeodestinos aplicados pola Xunta como zonas de promoción conxunta está xestionado pola Mancomunidade de Municipios. Temos que racionalizar, potenciar e ampliar a infraestrutura dedicada á xestión, promoción e desenvolvemento do turismo.

A nosa proposta: Retomar a estrutura orixinal da Empresa Municipal de Turismo coa recuperación das dúas prazas de técnicos en turismo que o PP hai 8 anos conxelou e o goberno de Ferrol en Común tampouco sacou adiante.

Crear unha canle de comunicación directa e continua coa Mancomunidade en canto a traballo conxunto na promoción de Ferrol, Eume e Ortegá como xeodestino.

Dar participación activa áos representantes dos sectores implicados na elaboración e desenvolvemento da política turística.

B) Liñas Estratéxicas: Contando coas bases apuntadas en estudos xa feitos como os do Plan de Dinamización do Produto Turístico de Ferrol Ortegá e outros as nosas liñas estratéxicas de traballo terán como eixos:

Mellora e ampliación dos espazos de uso público

Aumento da calidade dos servizos turísticos competencia do concello. Oficinas de Turismo, sinalética, etc. Creación dun camping municipal.

Posta en valor dos recursos turísticos que temos e facer deles produtos turísticos atractivos que fagan do noso concello un destino diferente e de calidade.

A maiores das épocas de maior actividade turística que xa temos o noso obxectivo é desestacionalizar facendo do turismo de eventos deportivos e sociais, así como de congresos e actividades profesionais unha liña de actuación principal.

Enderezar o rumbo na xestión encamiñada a conseguir o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade e facer dos elementos que pretenden este recoñecemento un produto turístico diferencial e único.

Municipalizar, pecado (contra o) capital

Os principais servizos que Ferrol presta á veciñanza están privatizados: o lixo, a auga, a electricidade... O servizo cada vez é peor e máis caro e o concello convertiuse nun simple conseguidor de contratos millonarios ás transnacionais.

O PP deixou previsto contratos millonarios para o lixo, o subministro eléctrico ou a depuración. Desde a chegada de FeC ao goberno son as mesmas empresas que o facían co PP as que xestionan estes servizos. FeC, non fixo máis que avalar a tese do PP: “ Os concellos non poden contratar e ademais de facelo sería máis caro”.

Mais, son certos os argumentos de FeC e PP?

As administracións públicas non poden contratar. **FALSO As administracións poden contratar cando:**

*O servizo sexa declarado **esencial e de prestación obrigatoria.**

A auga, o lixo ou a electricidade **son servizos municipais básicos.**

*Non se incrementen os custes laborais.

Xa pagamos os salarios das persoas traballadoras a través das taxas que reciben as concesionarias.

As empresas privadas son máis eficaces. FALSO. A xestión privada é máis cara porque:

*As empresas incorporan como gasto do servizo a súa prioridade: os beneficios.

*A laxitude das administracións no control das concesións está a incrementar os custes dos servizos.

Hai alternativas?

Ademais do ciclo da auga e o transporte público en Ferrol temos dúas prioridades inmediatas:

***A xestión do lixo:** O obxectivo é investir en compostaxe e reciclaxe reducindo o volume de lixo e o gasto por incineralo en SOGAMA. Menos camións, máis emprego. Máis barato, máis ecolóxico.

***Subministro eléctrico:** O obxectivo é contratar directamente a enerxía sen intermediarios que nos cobren un sobrecuste. Porque a calidade da electricidade é independente do seu prezo.

Facer política para a xente supón perdas substanciais para os poderosos. É un pecado capital.

E nin PP, nin FeC, nin PSOE están dispostos a enfrontar ese risco.

Que acontece co saneamento en Ferrol?

A ría de Ferrol declarouse de interese xeral en 1997 e 20 anos despois o seu saneamento segue a ser unha fraude.

Por que?

Fundamentalmente porque o saneamento nunca foi unha prioridade para o Estado, responsable da infraestrutura.

Cando se fixo algo, fíxose mal, culpabilizando aos ferroláns e ferrolás, en beneficio sempre das empresas construtoras e das concesionarias e coa lamentable complicidade dos gobernos locais. Por estes motivos ...

1. O sistema de depuración da ría é de tipo unitario e contrario á normativa actual

Porque é máis barata a súa construción pero máis cara a súa xestión ao ter que depurar máis metros cúbicos.

2. O Estado, sendo a súa obriga, non pon un euro nunhas obras que PAGAMOS

NÓS

Porque Rey Varela asinou un convenio en 2014 que Jorge Suárez avalou pese as súas numerosas irregularidades.

3. Ferrol paga tamén a depuración de Narón e a reparación da depuradora, propiedade da Xunta

Porque PP e FeC se fixeron cargo dunha depuradora abandonada durante anos e que dá servizo a outros concellos.

4. EMAFESA xestiona a depuradora sen contrato despois de cobrarnos por un servizo inexistente en 2014

Porque tanto FeC como o PP quixeron incrementar os ingresos de EMAFESA para poder sanear a empresa.

En resumo, o modelo de saneamento escollido polo Estado é o máis barato e o máis beneficioso para as empresas. Mentres desde Ferrol por parte de FeC, PSOE e PP eximiuse tanto á Xunta como ao Estado de toda responsabilidade con tal de poder decidir a quen lle entregaban a xestión do servizo de saneamento que pagamos todas e todos nós.

Que podemos facer en 2019?

* Retiralles a EMAFESA o cobro das taxas de auga e lixo.

* Anular a taxa de depuración.

- * Fiscalizar e remunicipalizar EMAXESA.
- * Transformar o sistema en separativo.
- * Exixir ao Estado que pague as obras.
- * Devolver a depuradora á Xunta.

Recursos

Os cartos non dan a felicidade...pero axudan

Ferrol contou en 2018 cuns ingresos de 50M de euros. Pontevedra con 75M de euros.

Parece obvio que en Ferrol temos un grave problema de diñeiro. As grandes empresas e

as administracións públicas que deberían colaborar coa cidade non pagan os impostos que pagamos o resto. E o problema xa non é a indiferenza dos que nos tratan como a un saco sen fondo, o problema é que contan coa complicidade de PP, PSOE, e FeC que llo permiten.

Porque...

1. NAVANTIA que só paga IBI por orde xudicial, dilata a orde de inicio das F110 e reduce en máis dun 25% o seu plantel.
2. EMAFESA non paga 1,4 M de euros ao ano pero nos cobra as taxas de auga e depuración porque PP e FeC llo toleran.
3. O Mº de Defensa non paga os impostos que lle obriga a lei por propiedades abandonadas como o Sánchez Aguilera.
4. O Mº de Defensa tampouco compensa con un só euro á cidade por ocupar máis do 20% solo urbano gratuítamente.
5. A Autoridade Portuaria non paga 0,7 millóns de euros ao ano de IBI polo Peirao Exterior.
6. A Xunta de Galiza non paga impostos polo Hospital nin o quere facer coa ampliación.
7. A Igrexa non paga un euro polos edificios que non están destinados ao culto, como vivendas ou aparcadoiros.

Son millóns e millóns de euros ao ano que os ferroláns deixan de recibir e aínda así todos eles contan con auga, electricidade e acceso a todos os servizos municipais pola complicidade con PP, PSOE e FeC.

Como imos saír adiante se os que nos deberían botar unha man non nola quitan do pescozo?

Por iso de cara ao próximo mandato municipal compre:

- * Cobrarlle ao Mº de Defensa os impostos que ten obriga de pagar
- * Cobrarlle a EMAFESA o canón que ten que pagar por xestionar o auga.
- * Cobrarlle a Igrexa polas propiedades que non son de culto.
- * Cobrarlle á Autoridade Portuaria os impostos correspondentes polo Peirao Exterior.
- * Cobrarlle ás subministradoras de enerxía (electricidade, gas) e telefonía pola ocupación de solo público.
- * Facer un censo de propiedades da Igrexa e do Estado, aclarando o seu uso e estado.
- * Facer un censo de vivendas e locais baleiros e cobrar un recargo aos que non se queiran alugar.

Con estas esixencias e reclamacións xuntas farémonos de novo con todo aquilo que nos pertence como pobo: Reclamaremos os terreos militares que nos pechan as portas ao mar, os tributos que non paga a Igrexa ou Navantia... E con todos estes recursos imos ir cara á acción para crear e revitalizar todo aquilo que soñamos e desexamos, como a **recuperación dunha cidade en colapso demográfico, económico e laboral que segue esperando oportunidades**, a revitalización dos nosos edificios hoxe caendo, a mellora dos servizos principais do Concello para poñelos ao dispor das persoas e non da especulación...

Eles comen todo, e non deixan nada (por agora...)

Desde 2007 pasaron moitas cousas na economía ferrolá. Mudaron a constitución, aprobaron a Lei de Estabilidade e obrigaron aos concellos a aforrar para pagar os pratos rotos. Había que mercar a débeda privada dos bancos. Para iso precisaban cartos: Decidiron subir os impostos e reducir o gasto público. Ademais, tiñan que alimentar ás insaciáveis transnacionais e así comezou unha nova vaga de privatizacións. O novo marco legal puxo aos concellos diante dun dilema : deixarse levar ou aplicar políticas alternativas? En Ferrol, o PP en 2011 e FeC en 2015 escolleron a 1ª opción:

O AUSTERICIDIO ECONÓMICO

1. REDUCIR O GASTO PÚBLICO. PP e FeC deixaron de gastar millóns de euros na cidade ao longo destes 8 anos.

En 2013 o PP deixou de gastar 10M.€ dos orzamentos municipais. En 2017 FeC deixou de gastar 16M.€

E o máis grave é que a Lei de estabilidade obriga a destinar o diñeiro que se aforra cada ano a pagar aos bancos.

2. AFORRAR PAR PAGAR AOS BANCOS. Para PP e FeC reducir a débeda municipal foi o seu gran mérito económico.

Ferrol derrúbase pola falla de investimentos pero para o PP e FeC o prioritario foi rebaixar a débeda municipal.

3. SUBIR OS TRIBUTOS. Desde 2011 até hoxe os ferroláns pagan máis taxas e

impostos.

Pese á drástica redución de investimentos e dos servizos públicos incrementouse a presión fiscal sobre a xente con novas taxas e con subidas das existentes. FeC no seu mandato consolidou ás subidas do mandato anterior do PP.

4. PRIVATIZAR. PP e FeC privatizaron os servizos municipais.

A xestión dos centros culturais, a conservación de viais, o mantemento de zonas verdes ou o subministro eléctrico son servizos privatizados que remataron os seus contratos ao longo destes 4 anos e que se volveron a concesionar.

5. POLÍTICA CLIENTELAR. PP e FeC destinaron máis de 1,5M. € ao ano en dar subvencións “a dedo”.

O diñeiro ao que as asociacións poden optar a través de convocatorias públicas en igualdade de oportunidades é ridículo en comparación co que FeC e PP destinaron a dar subvencións nominais a quen lles pareceu.

E aínda pensas que é mellor que todo siga igual?

* SUPERAVIT CERO As restriccións xa son moitas. Non podemos permitirnos deixar de gastar un so euro na cidade.

* + EMPREGO + SERVIZOS Os servizos privados que rematen o seu contrato prestaranse directamente polo concello.

* A XENTE POR DIANTE Os cartos dos ferroláns son para gastar nos ferroláns, non para pagar aos bancos.

* EQUIDADE O diñeiro público é de tod@s, e tod@s temos que ter as mesmas oportunidades para acceder a el.

Sabemos xa que as modernizacións, como foi no seu momento a nosa, teñen que ir acompañadas de proxectos propios feitos desde aquí e para aquí. Proxectos que non poñan diante Cadiz de Ferrol, que non veñan vendendo fume para rematar espoliando os nosos terreos dentro da cidade e o noso futuro. Tampouco queremos Plans Ferrol que

repartan diñeiro a algunhas empresas para que despois fuxan a outros lugares polas supostas melloras competitivas.

Queremos proxectos que fixen persoas aquí, proxectos que respecten a nosa identidade, que potencien o noso, desde o idioma á paisaxe para ser de novo nós, para que non nos rouben o que é noso, o que foi antes das nosas nais, dos nosos avós e das tataravoas. O chan que pisamos, os mercados, as leiras, todo é noso e non da Bolsa, do poderoso Banco ou da máis afamada cadea de alimentación.

Reclamemos logo o noso par podermos pisar nun chan fértil no que sementar produtividade e vida para non deixar apagar Ferrol!

Unha cidade de 70.000 cos gastos dunha de 130.000

Ferrol non é sostible porque os ingresos que se reciben son incapaces de soste unha cidade pensada para 130.000 habitantes pero que ten menos de 70.000. Por iso é moi urxente poñerse a traballar con todo o que pertence á cidade para mellorar a entrada de recursos correspondentes ao noso volume e infraestruturas.

Enchen a Administración pública de burocracia para dar resposta aos seus esquemas e a partir de aí actúan. Pretenden reducir gasto para intentar cumprir a regra de gasto, que segundo eles é non gastar máis do que se ten. Pero en definitiva alimentan aos poderosos de sempre.

O superávit, por outra banda, só se destina a amortizar a débeda. Logo non hai superávit para traballar con el. Mais o BNG aposta por invertir na Cidade e non deixar que se entregue o superávit á Banca.

O obxectivo mínimo do Concello de Ferrol tería que ser o de ter Superávit Cero e ver se hai que cumprir a regra de gasto ou non e que implicacións ten para antepoñer os obxectivos sociais.

Ferrol debería poder contar con maiores ingresos estruturais porque temos maiores necesidades estruturais e precisamos chegar a un punto de equilibrio para activarnos.

Traballariamos tamén con recursos que virían das propiedades desafectadas

Propiedades desafectadas impostos

Existe unha parte substancial de ingresos que se di que as persoas non fan, pero isto non é certo. O certo é que son as grandes empresas e estruturas as que non pagan:

EMAFESA, NAVANTIA, Ministerio de Defensa ou Autoridade Portuaria.

A Autoridade Portuaria decide que os 700.000 euros que debía aboar non os aboa. E ninguén lle pregunta nin reclama. A Igrexa tampouco paga.

As propiedades que están desafectadas suponse que teñen que pagar os tributos. O feito de conseguir obrigarlles a pagar suporía un feito moi importante na desocupación do solo no Concello.

Outro xeito de xestionar os tributos

Hai problemas máis que evidentes que están latentes, porque hai temas como o da especulación urbanística que teríamos que abordar. Combater a especulación cunha reforma da ordenanza fiscal sería unha das apostas. E mais que penalizar a quen non aluga teríamos que premiar a quen o fai.

Todo isto viría da man da mudanza ao redor dos principais tributos en Ferrol e da súa xestión orientada cara a municipalización. Tanto o lixo, como o saneamento ou a electricidade formarían parte deste deseño.

Deberíamos reverter as decisións que se adoptaron como a de mudar a taxa pola chamada prestación patrimonial e non tributaria.

Economía ecolóxica nunha cidade sostible

Apostaremos por unha cidade ecolóxica, sostible, con calidade de vida e atractivo para a comodidade e equilibrio da vida das persoas. Cidade amable, de escala humana!

Este modelo impulsará os mercados de proximidade, a agricultura ecolóxica, a economía social, o cooperativismo, grupos de consumo ou mesmo unha moeda social. A idea é que facer unha xestión sostible e ecolóxica repercute nun beneficio económico moi importante para a xente.

Aproveitar as declaracións como a de Concello declarado libre de eucaliptos para iniciar un novo camiño para Ferrol. Camiño no que habería que impulsar proxectos reais que liberasen o terreo dos eucaliptos.

Presentar a Ferrol como a que foi a primeira cidade industrial galega que agora quereda ser a primeira cidade ecolóxica galega.

Cidade apta para maiores

Facer unha oportunidade de sermos unha cidade envellecida que busca coidar en harmonía ás persoas maiores.

Impulsar e premiar proxectos económicos pensados para as persoas maiores. Con apoio na idea de que non estean soas, teñan alternativas terapéuticas, adaptabilidade nos edificios, etc.

Promover en colaboración con outras entidades investigacións de alternativas tecnolóxicas, de espazos ou de deseño industrial para persoas maiores.

En definitiva, unha cidade que quere ser ecolóxica, na que se viva con calidade, defensora do bosque autóctono, das augas e do ar limpo...